



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **CONCELLO DA LARACHA**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 21 DE FEBREIRO DO ANO 2017**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 35 minutos do día 21 de febreiro do ano 2017, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

#### **PRESIDENTE**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

#### **CONCELLEIROS**

##### **Grupo político municipal P.P.**

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

##### **Grupo político municipal B.N.G.**

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

##### **Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE**





ELADIO VERDÍA GARCÍA

**Grupo político municipal Mixto**

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Asiste como secretario, o secretario acctal. da Corporación, Juan Carlos Antelo Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2017.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por unanimidade dos membros presentes.***

**2.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) “P.O.S. + 2017”**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 17-2-2017, onde se deu conta do expediente formado ao efecto no que constan:

1º.- Circular da Deputación Provincial da Coruña comunicando a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2017”, polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2016, e publicadas no BOP nº 226 do 29 de novembro de 2016.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- 2º.- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía. (anexo II das bases)
- 3º.- Informe de intervención coa relación de facturas pendentes de pago con provedores.(anexo III das bases)
- 4º.- Informe de intervención sobre a previsión de gastos correntes 2017. (anexo IV das bases)
- 5.-Informes técnicos sobre os investimentos. (anexo V das bases)
- 6.-Informes técnico-xurídicos da arquitecta técnica municipal e do secretario acetal sobre a dispoñibilidade dos terreos en cada proxecto técnico. (anexo VI das bases)
- 7.- Memoria da alcaldía sobre os investimentos financeiramente sostibles. (anexo VII das bases)
- 8.- Informes de intervención sobre os investimentos financeiramente sostibles. (anexo VIII das bases)

A continuación toma a palabra o sr. alcalde que explica o destino proposto para as cantidades asignadas ao Concello da Laracha no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2017” no presente ano, facendo especial referencia ao financiamento de gasto corrente e ao financiamento de investimentos citando os proxectos que se pretenden levar a cabo.

De seguido toman a palabra os portavoces dos demais grupos políticos municipais que manifestan estar de acordo coas finalidades propostas.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que





se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017” e “achega provincial 2016”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	1601,52
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>1601,52</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	383000,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>383000,00</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Coiro e Montemaior	57344,72	0	57344,72
Sinalización horizontal e vertical	30000,00	0	30000,00
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>	<b>87344,72</b>	<b>0</b>	<b>87344,72</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cabovilaño, Erboedo, Lemaio, Lestón, Torás e Vilaño	119930,40	0	119930,40
Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Soandres e Soutullo	167910,98	1601,90	169512,88
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	<b>287841,38</b>	<b>1601,90</b>	<b>289443,28</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

**G ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	1601,52		1601,52
	Achega 2017			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	383000,00		383000,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	87344,72	0	87344,72
	Achega 2016	287841,38	1601,90	289443,28
	Préstamo 2017			
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017			
	Achega 2016			
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017			
	Achega 2017	470344,72	0	470344,72





<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2016</b>	289442,90	1601,90	291044,80
	<b>Préstamo 2017</b>			
	<b>TOTAL</b>	759787,62	1601,90	761389,52

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiño rural no Coto Sx 50 parroquia de Coiro	36633,37
Ampliación de calzada nun tramo do camiño de Areosa a Balsa (Vilaño) Sx-85	130454,94
Pavimentación en Manuel Murguía e Mellora de capa de rodadura do camino rural Sx 19 Xesteira – AG 55	51901,78
<b>TOTAIS</b>	<b>218990,09</b>

**TERCEIRO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, segundo a base 2.3 das bases reguladoras do POS+2017.

**CUARTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017.

**QUINTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.





**SEXTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

**SEPTIMO.-** Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.-** Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3.- ACORDO INSTITUCIONAL PARA INICIAR O PROCESO DE ADHESIÓN Á RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 17-2-2017, onde se deu conta da proposta da alcaldía en relación ao presente expediente que literalmente di o seguinte:

#### **“ACORDO INSTITUCIONAL**

*Na última década, a UNESCO ten centrado a súa atención no medio ambiente e o desenvolvemento. O programa MAB (People and the Biosphere) é o exemplo máis claro deste traballo. Os principais instrumentos de acción do programa MAB son as Reservas de Biosfera. A figura de Reserva da Biosfera outórgase a territorios que están comprometidos en compaxinar a conservación ambiental co desenvolvemento socioeconómico sostible.*

*As Reservas de Biosfera son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar a mellora ambiental e o desenvolvemento sostible.*

*As Reservas de Biosfera son declaradas pola UNESCO no marco do Programa MAB. Na actualidade existen 669 Reservas de Biosfera en todo o mundo, contando España con 48 delas.*





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*A Declaración definitiva da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo pola UNESCO, tivo lugar na XXV Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MAB, celebrada en París o día 28 de maio de 2013. Esta declaración é froito dos traballos levados a cabo polos concellos e a sociedade civil, e os compromisos acadados en prol do desenvolvemento sostible.*

*A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, na actualidade, abrangue un total de 113.970 ha, que representa o 14,33% da superficie da provincia de A Coruña, e comprende ós concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.*

*A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo quere poñer en valor, non só os seus valores ambientais, senón tamén os culturais, etnográficos e históricos, que foron motor de desenvolvemento deste territorio desde fai moitos anos.*

*A Misión da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas pivota en: promover a mellora da calidade de vida e o reforzo dos sectores produtivos mediante a súa integración cos obxectivos e principios de mellora ambiental e sostibilidade; garantir un desenvolvemento sostible do espazo rural; impulsar modelos de produción e consumo máis sostibles, que permitan a contribuír á mitigación do cambio climático reducindo as emisións de CO<sub>2</sub>; asegurar a recuperación, conservación e protección dos valores ambientais e culturais do territorio, así como fomentar o aproveitamento sostible dos recursos naturais; contribuír a enfrontar os grandes retos do século XXI baixo o prisma da investigación, a aprendizaxe, a cooperación, a innovación e a cohesión social, promovendo deste modo un crecemento participativo, sostible e integrador do seu territorio.*

*Desde a declaración da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo tense avanzado na xeración de emprego no medio rural, a través de diferentes programas postos en marcha, que teñen permitido que a sociedade en xeral considere o rural como un espazo de oportunidades para o emprego.*







**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*A sinalización conxunta do territorio e a difusión dos valores ambientais e culturais da Reserva de Biosfera, teñen permitido mellorar a imaxe do territorio e aproximar esta á cidadanía. Ademais estase a poñer en marcha un programa de educación ambiental en todos os concellos que a conforman, para que desde os colexios e escolas se coñeza mellor o territorio e os seus valores.*

*Por outro lado, estase traballando no lanzamento dunha Marca de Calidade para os produtos agroalimentarios da Reserva de Biosfera que contribúan a poñer en valor as producións locais e variedades tradicionais, así como os mercados de cercanía, o que debera permitir aos nosos produtores locais mellorar a comercialización dos seus produtos.*

*Tense iniciado tamén o proceso para á adhesión ao Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas, que permitirán a difusión deste territorio dentro dos destinos de Ecoturismo de España, ao mesmo nivel que os Parques Nacionais.*

*Considerando que o Concello de A Laracha conta cos requisitos necesarios para a súa inclusión na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, e cumpre coas funcións e criterios que toda Reserva de Biosfera debe cumprir, ao tratarse dun territorio terrestre cunhas condicións naturais extraordinarias, en onde reside unha poboación concienciada co medio ambiente e o desenvolvemento dentro do marco da sostibilidade, cunha cultura tradicional compartida co territorio declarado Reserva de Biosfera que serve de modelo para o desenvolvemento de investigacións así como ámbito para o desenvolvemento de prácticas de ensinanza-aprendizaxe. Hai que facer unha mención especial ao espazo de interese ambiental, incluído na Rede Natura 2000, como a ZEC Costa da Morte. A superficie comprendida por este espazo é de 83,11 ha, o 0,66% da superficie total do concello.*

***En virtude dos fundamentos expostos anteriormente, sométese á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte***





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## ACORDO INSTITUCIONAL

*PRIMEIRO.- Desde o Concello de A Laracha recoñecemos a relevancia da adhesión deste municipio á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, así como as oportunidades que se presentan para situar a este territorio no mapa mundial; dar prestixio ao territorio, ás súas empresas e aos seus produtos; ampliar os mercados para os produtos, a través das marcas de calidade; recuperar as actividades económicas tradicionais; incentivar e fortalecer as iniciativas ligadas ao turismo sostible; xerar oportunidades de emprego ligadas ao aproveitamento dos recursos locais; acadar apoio internacional, estatal e rexional para iniciativas e proxectos ligados ao desenvolvemento sostible e a mellora ambiental, así como impulsar a mellora ambiental e a información sobre os recursos naturais.*

*SEGUNDO.- Acordamos iniciar os trámites de adhesión á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e encomendamos á Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos o proceso de formulación de ampliación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo para a avaliación da inclusión do noso termo municipal, coordinadamente con este Concello.*

*TERCEIRO.- Daremos traslado do presente acordo a cantas entidades e institucións se consideren oportunas para a súa adhesión e traballo colaborativo no obxectivo de incluír este territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como Reserva Mundial da Biosfera, establecendo a participación pública e a colaboración da cidadanía como eixos vertebradores da proposta de ampliación do ámbito territorial da Reserva de Biosfera.*

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer a relevancia da adhesión do Concello da Laracha á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, así como as oportunidades que se presentan para situar a este territorio no





mapa mundial; dar prestixio ao territorio, ás súas empresas e aos seus produtos; ampliar os mercados para os produtos, a través das marcas de calidade; recuperar as actividades económicas tradicionais; incentivar e fortalecer as iniciativas ligadas ao turismo sostible; xerar oportunidades de emprego ligadas ao aproveitamento dos recursos locais; acadar apoio internacional, estatal e rexional para iniciativas e proxectos ligados ao desenvolvemento sostible e a mellora ambiental, así como impulsar a mellora ambiental e a información sobre os recursos naturais.

**SEGUNDO.-** Iniciar os trámites de adhesión á Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e encomendar á Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos o proceso de formulación de ampliación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo para a avaliación da inclusión do noso termo municipal, coordinadamente con este Concello.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo a cantas entidades e institucións se consideren oportunas para a súa adhesión e traballo colaborativo no obxectivo de incluír este territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como Reserva Mundial da Biosfera, establecendo a participación pública e a colaboración da cidadanía como eixos vertebradores da proposta de ampliación do ámbito territorial da Reserva de Biosfera.

#### **4.- SOLICITUDE DA REPOSICIÓN DE DÚAS PRAZAS VACANTES DA POLICIA LOCAL AO MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno na sesión celebrada o día 17-2-2017, onde se deu conta do expediente formado ao efecto, especialmente ao informe de intervención.

A continuación toma a palabra o sr. alcalde que explica que se pretenden levar a cabo esta reposición de dúas prazas vacante de policía local debido ás xubilacións nos últimos tempos de outros dous axentes do Corpo, pero que antes de proceder á convocatoria das mesmas se precisa autorización do Ministerio ante o que se deberá acreditar que o Concello cumpre determinados parámetros e magnitudes económicas





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

establecidas na Lei 48/2015, de 29 outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

De seguido toman a palabra os portavoces dos demais grupos políticos municipais que manifestan estar de acordo coa medida proposta.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Solicitar ao Ministerio de Facenda e Función Pública autorización para a reposición de dúas (2) prazas vacantes de Policía Local do Concello da Laracha, tal como esixe o artigo 20 Un 2 apartado c) da Lei 48/2015, de 29 outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

**SEGUNDO.** Remitir certificación do acordo adoptado, xunto co informe de intervención, á Delegación do Goberno en Galicia aos efectos oportunos.

#### **5.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXP. 2/2017)**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 16-2-2017, onde se deu conta do expediente formado ao efecto.

A continuación toma a palabra o sr. alcalde que expón que a través do presente expediente preténdese pagar facturas que unha vez rematado o exercicio 2016 non se puideron imputar ao orzamento municipal pola falta de crédito orzamentario ou por remitirse ao concello nos meses de xaneiro e febreiro de 2017.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por once (11) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do PP, e catro (4) abstencións dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE, e do grupo Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes:



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

N° de Entrada	Fecha entrada factura	N° de Documento	Fecha Dto.	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica	Importe Total
F/2016/1508	16/09/2016	1CSN160800068423	09/08/2016	CIDE ENERGIA,S.A.	FACT 1CSN160800068423 POR ENERXIA ELECTRICA EN CENTRO SAUDE MES XULLO 2016	312	22675	713,39
F/2016/1651	30/8/2016	291/16	24/8/2016	ZAFIRO TOURS	FACT N° 291/16 POR RESERVA HOTEL E DESAYUNO VIAXE IRMANAMENTO A FRANCIA (31/8/16 A 4/9/16)	F912	22675	888,13
F/2016/2027	20/12/2016	LA 24	20/12/2016	IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS,S.A.	FACT N° LA 24 POR HORAS ORDINARIAS LIBRE MES DE DECEMBRO 2016	231	22675	11.049,48
F/2016/2158	28/11/2016	4/2016	04/11/2016	DITIRAMBO TEATRO CORUÑA	FACT 4/2016 POR REPRESENTACION OBRA TEATRAL RETRATO EN BRANCO E NEGRO	231	22675	1000
F/2016/2185	07/12/16	G16/88	30/09/2016	JOSE DAVID CARBALLIDO LOZANO	FACT N° G16/88 POR HORAS CAMION OBRADOIRO	241	22675	136,13
F/2017/3	02/01/2017	P 608207	31/12/2016	EDITORIAL COMPOSTELA,S.A.	FACT N° P 608207 POR ANUNCIO FIN DE LA TIERRA	920	22675	145,2
F/2017/6	04/01/2017	F 8524	31/12/2016	ONET SERALIA, S.A.	FACT N° F 8524 POR LIMPEZA MES DECEMBRO 2016 XUZGADO DE PAZ	920	22675	119,79
F/2017/9	06/01/2017	FE16321220059082	13/12/2016	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	FACT N° FE16321220059082 POR GAS EN NOVO EDIFICIO DO 28/10/16 A 2/12/16	920	22675	92,71
F/2017/10	06/01/2017	FE16321221173549	23/12/2016	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	FACT N° FE16321221173549 POR GAS EN POLIDEPORTIVO CAION DO 24/8/16 A 22/10/16	342	22675	366,9
F/2017/11	06/01/2017	4001934363	31/12/2016	CORREOS Y TELEGRAFOS	FACT N° 4001934363 POR CORREOS MES DE DECEMBRO 2016	920	22675	1981,65
F/2017/14	11/01/2017	2016 360	31/12/2016	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	FACT N° 2016 360 POR EXPLOTACION CAFETERIAS MES DE DECEMBRO 2016	231	22675	3750



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/15	11/01/2017	2016 362	31/12/2016	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVO S, S.L.	FACT N° 2016 362 POR ALFABETIZACION E MEMORIA MES DECEMBRO 2016	231	22675	798,6
F/2017/17	12/01/2017	I16 001394	31/12/2016	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	FACT N° I16 001394 POR TITULOS CONCELLO DA LARACHA INSERCIÓN MES DECEMBRO FALDON SUPERIOR TAMAÑO 10CPM	920	22675	60,5
F/2017/40	03/01/2017	I/1600724	27/12/2016	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	FACT N° I/1600724 POR 5 CALENDARIOS ALUGUER PAVILLON E 2 CALENDARIOS PISTAS PADEL	920	22675	82,28
F/2017/41	03/01/2017	I/1600738	27/12/2016	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	FACT N° I/1600738 POR MATERIAL OFICINA: 20 CORRECTORES A 3,20 ¢ / CORRECTOR IVA INCLUIDO	920	22675	64
F/2017/42	03/01/2017	I/1600716	21/12/2016	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	FACT N° I/1600716 MATERIAL OFICINA: CAIXAS FUNDAS MULTITALADRO, FLUORESCENTES CORES, ARCHIVADOR,..	920	22675	156,62
F/2017/44	03/01/2017	I/1600736	27/12/2016	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	FACT I/1600736 POR ADQUISICION DE FOLIOS 5000 PARA CONCELLO E 5000 PARA EDIFICIO ADMON	920	22675	286,53
F/2017/48	05/01/2017	02372016A100013241	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013241 POR CANON AUGA EN CASA DA CULTURA LECTURA 09/08/16 A 08/11/16	920	22675	49,22
F/2017/50	05/01/2017	02372016A100013288	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013288 POR CANON AUGA EN PISCINA MUNICIPAL LECTURA 09/08/16 A 08/11/16	920	22675	318,79
F/2017/51	05/01/2017	02372016A100013467	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013467 POR CANON AUGA EN GUARDERIA LECTURA 10/8/16 A 9/11/16	920	22675	377,7



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/52	05/01/2017	02372016A100013479	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013479 POR CANON AUGA EN BIBLIOTECA LECTURA 09/8/16 A 08/11/16	920	22675	55,89
F/2017/53	05/01/2017	02372016A100013162	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013162 POR CANON AUGA EN CASA DA CULTURA LECTURA 17/8/16 A 14/11/16	920	22675	47,48
F/2017/54	05/01/2017	02372016A100013561	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013561 POR CANON AUGA EN CASA DO CONCELLO LECTURA 10/8/16 A 09/11/16	920	22675	116,88
F/2017/55	05/01/2017	02372016A100013562	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT 02372016A100013562 POR CANON AUGA EN AVDA LARACHA- COLEXIO CAION LECTURA 19/8/16 A 16/11/16	920	22675	42,55
F/2017/66	05/01/2017	02372016A100013565	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013565 POR CANON AUGA COLEXIO INSUA CAION PERIODO LECTURA 19/8/15 A 16/11/16	920	22675	135,36
F/2017/67	05/01/2017	02372016A100013566	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013566 POR CANON AUGA ESCPA INSUA CAION PERIODO LECTURA 19/8/15 A 16/11/16	920	22675	27
F/2017/68	05/01/2017	02372016A100013163	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013163 POR CANON AUGA COLEXIO VILAÑO PERIODO LECTURA 11/8/16 A 10/11/16	920	22675	1601,33



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/69	05/01/2017	02372016A100013568	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013568 POR CANON AUGA CENTRO MEDICO PERIODO LECTURA 10/8/16 A 9/11/16	920	22675	126,12
F/2017/70	05/01/2017	02372016A100013569	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013569 POR CANON AUGA EN COLEXIO EXB PERIODO LECTURA 17/8/16 A 14/11/16	920	22675	107,97
F/2017/71	05/01/2017	02372016A100013578	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013578 POR CANON AUGA EN SERV MULTIPLES LOPEZ ASTRAY PERIODO LECTURA 9/8/16 A 8/11/16	920	22675	111,67
F/2017/73	05/01/2017	02372016A100013585	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013585 POR CANON AUGA EN ESCOLA DE PARVULOS STA LUCIA PERIODO LECTURA 9/8/16 A 8/11/16	920	22675	9,02
F/2017/74	05/01/2017	02372016A100013166	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013166 POR CANON AUGA EN NOVO EDIF ADMON PERIODO LECTURA 10/8/16 A 9/11/16	920	22675	43,71
F/2017/75	05/01/2017	02372016A100013648	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013648 POR CANON AUGA EN AREA REGADO DESCONOCIDO PERIODO LECTURA 12/8/16 A 11/11/16	920	22675	14,82
F/2017/77	03/02/2017	02372016A100013640	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013640 POR CANON AUGA LG. FRAGA COLEXIO A 17/8/16 A 14/11/16	920	22675	12,79
F/2017/78	05/01/2017	442	30/12/2016	A MEDOÑA S.L.AGROPE CUARIA	FACT N° 442 POR NOBLE CANIS PERROS 20 KG	920	22675	47,7





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/79	05/01/2017	R31000003085	01/01/2017	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIAS GALICIA S.A.	FACT Nº R31000003085 POR TELEFONO MES DECEMBRO 2016 GUARDERIA	920	22675	68,11
F/2017/80	05/01/2017	3551/16	30/12/2016	SUEIRO ASESORES, S.L.	FACT Nº 3551/16 POR TRABALLOS MES DE DECEMBRO 2016	920	22675	743,55
F/2017/81	09/01/2017	C 1471	22/12/2016	INFORMATICA VALEM,S.L.	FACT Nº C 1471 POR INSTALAR CABLE DE TELEFONO E REALIZAR CONEXION DE ADSL MONTSE	920	22675	138,5
F/2017/82	09/01/2017	C 1490	20/12/2016	INFORMATICA VALEM,S.L.	FACT Nº C 1460 POR ETIQUETAS APLI REF.: 1277 1400 UNIDADES 105X42,40 MM	920	22675	56,99
F/2017/84	03/02/2017	FE16137009601658	06/11/2016	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FACT Nº FE16137009601658 POR SUMINISTRO ENERXIA ELECTRICA EN POLIDEPORTIVO OUTUBRO 2016	342	22675	101,77
F/2017/86	04/02/2017	FE16137009848866	10/11/2016	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FACT FE16137009848866 POR ENERXIA ELECTRICA EN REITORAL EN CAION DO 4/10/16 A 2/11/16	920	22675	159,24
F/2017/87	05/02/2017	FE17321223704860	25/01/2017	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	FACT Nº FE17321223704860 POR GAS NO CAMPO DE FUTBOL PAIOSACO 23/10/16-22/12/16	342	22675	374,25
F/2017/100	7/2/2017	Emit-2	7/2/2017	ANTONIO RODRIGUEZ MORGAGE	FACT Emit-2 preparacion arenas en Caion verán 2016	1721	22675	7.700
F/2017/112	09/01/2017	1/2017	09/01/2017	MARIA DEL CARMEN FERREÑO MARTINEZ	FACT Nº 1/2017 POR PERIODICOS 4º TRIMESTRE 2016 PARA CASA DA CULTURA DE PAIOSACO	920	22675	228,30
F/2017/113	09/01/2017	C1601461	31/12/2016	ESTACION SERVICIOS SAN MARCOS,S.L.U.	FACT Nº C1601461 POR COMBUSTIBLE MES DECEMBRO 2016- VEHICULOS POLICIA LOCAL E PROT CIVIL, OBRAS E MEDIO AMBIENTE			324,53



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/114	09/01/2017	I/1600749	31/12/2016	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	FACT N° I/1600749 POR 30 CARTELES, 6 HORARIO SENIOR E 4 HORARIO MUN A.O. BALONCESTO	342	22675	117,37
F/2017/115	10/01/2017	19/2016	14/12/2016	MARIA JESUS PEREIRO GARCIA	FACT N° 19/2016 PRODUCTOS FARMACIA OBRADOIRO EMPREGO A LARACHA - ARTEIXO 2016/2017-APORTACION MUNICIPAL	241	22675	32,5
F/2017/116	10/01/2017	AD00000507	03/01/2017	AUTOS DORNA GALICIA S.L	FACT AD00000507 POR ALUGUER VEHICULO OBRADOIRO 6448FCM MES DECEMBRO 2016 APORTACION MUN	241	22675	701,8
F/2017/119	10/01/2017	C1483	27/12/2016	INFORMATI CA VALEM,S.L.	FACT N° C1483 REVISAR PROBLEMA DE MONITOR NO EQUIPO MARIA MARIÑO . REVISAR ACCESO DE MARIA E MARIA JOSE	920	22675	64
F/2017/120	10/01/2017	I/1600715	21/12/2016	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	FACT N° I/1600715 POR ADQUISICION ARCHIVADORES, CARTULINA,COPIAS,..O BRADOIRO 16/17 A CARGO SUBVENCION	241	22675	308,32
F/2017/127	10/01/2017	160460334	31/12/2016	ADENOR ASTURIAS, S.L.	FACT N° 160460334 POR COMBUSTIBLE VEHICULOS:7311BV,784 0BKZ,7311BV,9630CJM,1 446JKP,8889BW DECEMBRO 2016 <b><u>NOTA: CREDITO INSUFICIENTE SOLO POR LA PARTE DE LA FACTURA QUE SE IMPUTA A LA 920 22675</u></b>	920 130	22675 22675	164,42 118,72
F/2017/129	12/01/2017	2 000804	31/12/2016	MANUEL PRIETO VILARIÑO	FACT N° 2 000804 POR AUGA NATURAL E VASOS MES DECEMBRO 2016	920	22675	89
F/2017/130	12/01/2017	2 000354	30/06/2016	MANUEL PRIETO VILARIÑO	FACT N° 2 000354 POR AUGAS E VASOS MES DE XUÑO 2016	920	22675	45,64
F/2017/131	12/01/2017	2 000427	31/07/2016	MANUEL PRIETO VILARIÑO	FACT N° 2 000427 POR AUGAS E VASOS MES DE XULLO 2017	920	22675	30,66



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/132	13/01/2017	FE-563	31/12/2016	ESTACION DE SERVICIO VIDUEIROS, S.L.	FACT Nº FE-563 POR GASOLEO A E S/PLOMO 95 MARIUCLA:1639BGX, 5806BU MES DE DECEMBRO 2016 <b><u>NOTA: CREDITO INSUFICIENTE SOLO POR LA PARTE DE LA FACTURA QUE SE IMPUTA A LA 920 22675</u></b>	151 920	22675 22675	163,02 43
F/2017/133	16/01/2017	SI17-68	03/01/2017	EDITORIAL LA CAPITAL, S. L. Diario de Bergantiños	FACT Nº SI17-68 POR SUSCRIPCION EL IDEAL GALLEGO EDICION 4 ANO 2017	920	22675	298
F/2017/137	16/01/2017	VARIAS EDIFICIOS MUN OUT+NOV	07/12/2016	CIDE HCENERGIA, S.A.	FACTS VARIAS EDIFICIOS MUNICIPAIS ENERXIA ELECTRICA MESES OUTUBRO+NOVEMBRO 2016	920	22675	2304,64
F/2017/138	16/01/2017	VARIAS INST DEPORTIVAS NOVEMBRO	13/12/2016	CIDE HCENERGIA, S.A.	FACTS VARIAS INSTALACIONES DEPORTIVAS MES NOVEMBRO 2016	342	22675	2801,24
F/2017/139	16/01/2017	1CSN161200068015	13/12/2016	CIDE HCENERGIA, S.A.	FACT 1CSN161200068015 BIBLIOTECA NOVEMBRO 2016	920	22675	586,84
F/2017/143	17/01/2017	1CSN161200068113	13/12/2016	CIDE HCENERGIA, S.A.	FACT Nº 1CSN161200068113 ENERXIA ELECTRICA LOCAL MUN OBRADOIRO CARPINTERIA NOVEMBRO 2016- APORTACION MUN	241	22675	212,1
F/2017/146	17/01/2017	3370/16	28/12/2016	SUEIRO ASESORES, S.L.	FACT Nº 3370/16 POR SEGURIDADE SOCIAL DECEMBRO 2016 OBRADOIRO EMPREGO- APORTACION MUNICIPAL	241	22675	151,25
F/2017/147	17/01/2017	C1601462	31/12/2016	ESTACION SERVICIOS SAN MARCOS, S. L.U.	FACT Nº C1601462 POR COMBUSTIBLE GARRAFAS OBRADOIRO EMPREGO 2016/2017 APORTACION MUNICIPAL	241	22675	69,86



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/148	17/01/2017	FAC-2016/666	29/12/2016	GALOPIN PLAYGROUNDS,S.L.	FACT N° FAC-2016/666 POR BASE DONUT PEQUEÑO GRIS,... OBRADOIRO EMPREGO 2016/2017 IRA CON CARGO A SUBVENCION	241	22675	85,98
F/2017/149	17/01/2017	A/75965	31/12/2016	HERRAMIENTAS SHARP,S.L.L.	FACT N° A/75965 POR AFILADO DISCO E CUCHILLA OBRADOIRO EMPREGO 2016/2017-IRA CON CARGO A SUBVENCION	241	22675	41,94
F/2017/150	17/01/2017	B17-000009	03/01/2017	TALLERES ARTEIXO S.L.	FACT N° B17-000009 POR CONTRATO ALUGUER B16-02610 TAQUILLA VESTUARIO MES DECEMBRO CON CARGO A SUBVENCION	241	22675	67,22
F/2017/151	17/01/2017	49-16	31/12/2016	AMARTYA	FACT N° 49-16 POR PRESTACION SERVICIO BOLILLOS PRIMEIRO TRIMESTRE CURSO 2016/2017 (OUT, NOV E DECE)	327	22675	1865,26
F/2017/155	18/01/2017	2	17/01/2017	MANUELA VAZQUEZ GARCIA	FACT N° 2 POR SUMINISTRO MATERIAL OFICINA XUZGADO DE PAZ	920	22675	58,25
F/2017/161	27/01/2017	10394-2016/CGA-FC	18/08/2016	FEDERACION GALEGA DE FUTBOL	FACT N° 10394-2016/CGA-FC POR ARBITRAXES TRIANGULAR LARACHA-PAIOSAC-CLUB DO MAR DE CAION O 15/8/16	342	22675	111,64
F/2017/162	05/01/2017	02372016A100013570	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SAU	FACT N° 02372016A100013570 POR CANON AUGA EN LG CAMPO DA INSUA DO 19/8/16 A 16/11/	920	22675	47,77
F/2017/163	05/01/2017	02372016A100013581	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SAU	FACT N° 02372016A100013581 POR CANON AUGA EN LG OUTEIRO CAION DO 18/8/16 A 15/11/16	920	22675	45,45



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/164	05/01/2017	02372016A100013580	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013580 POR CANON AUGA EN LG OUTEIRO 2 CAION DO 18/8/16 A 15/11/16	920	22675	10,76
F/2017/165	05/01/2017	02372016A100013571	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013571 POR CANON AUGA ENLG CILLOBRE DO 10/8/16 A 9/11/16	920	22675	43,13
F/2017/166	05/01/2017	02372016A100013164	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013164 POR CANON AUGA EN LG CILLOBRE DO 9/8/16 A 8/11/16	920	22675	6,12
F/2017/167	05/01/2017	02372016A100013572	21/11/2016	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA,SA U	FACT N° 02372016A100013572 POR CANON AUGA EN LG CILLOBRE DO 10/8/16 A 9/11/16	920	22675	84,66
F/2017/173	30/01/2017	5878/01	29/12/2016	MADERAS LAMELAS,S .A.	FACT N° 5878/01 POR TABLERO CARROCERIA ABEDUL OBRADOIRO EMPREGO A LARACHA- ARTEIXO 2016/17- APORTACION MUNICIPAL	241	22675	263,54
F/2017/175	14/02/2017	16511469	24/11/2016	ESERGUI DISTESER, S.L.U.	FACT N° 16511469 POR GASOLEO C PARA POLIDEPORTIVO DE CAION DE DATA 24/11/16	342	22675	337,48
F/2017/190	16/01/2017	1CSN161200068017	13/12/2016	CIDE HENERGIA, S.A.	FACT 1CSN161200068017 POR ENERXIA EN G.E.O. PEDRAIO NOVEMBRO 2016	323	22675	1.337,53
F/2017/191	16/01/2017	1CSN161200068018	13/12/2016	CIDE HENERGIA, S.A	FACT N° 1CSN161200068018 ENERXIA EN GRUPO ESCOLAR NOVEMBRO 2016	323	22675	779,85
F/2017/192	16/01/2017	1CSN161200068106	13/12/2016	CIDE HENERGIA, S.A	FACT N° 1CSN161200068106 POR ENERXIA ESCOLA OTERO NOVEMBRO 2016	323	22675	325,66



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

F/2017/184	04/01/2017	3	04/01/17	JOSE M ROIBAS VAZQUEZ	FACT Nº 3 POR HONORARIOS PROFESIONAIS P.O. 4151/2016 OVIDO ANTELO COTELO E PO 357/15 MARIA CAMBON	920	22675	5233,25
------------	------------	---	----------	-----------------------------	--	-----	-------	---------

**SEGUNDO.** Aplicar, con cargo as partidas, na súa bolsa de vinculación, do Orzamento do exercicio 2017, os correspondentes créditos, ao non estar afectos a día de hoxe a ningún compromiso de gasto.

**6.- MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2017 PARA A CREACIÓN DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 130/15100 CONSIGNANDO UNHA CANTIDADE DE 3.150 EUROS**

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 16-2-2017, onde se deu conta do expediente formado ao efecto.

A continuación toma a palabra o sr. alcalde que expón que a citada cantidade ten por finalidade pagar gratificacións aos efectivos da policía local por realización de horas extras para cubrir os horarios de servizos que se viñan prestando, xa que existe un axente que na actualidade está de baixa por incapacidade temporal.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por trece (13) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do PP e do BNG, e dous (2) abstencións dos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE, e do grupo Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Modificar provisionalmente o Orzamento 2017 consignando a contía total de 3.150 € na aplicación orzamentaria 130/15100 financiada cunha transferencia de crédito.

**SEGUNDO.-** Dar traslado desta resolución aos servizos económicos do Concello.

**TERCEIRO.-** Expoñer ao público o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP da Coruña durante un prazo de 15 días, durante os cales se poderán presentar alegacións. En caso de non





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

presentarse alegacións durante dito prazo a presente modificación se elevará a definitiva sen necesidade de novo acordo plenario.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 15 minutos, da que como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. alcalde.

